

ADDENDA DE CORRECCIÓN DE ERROS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O COFINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DA CORUÑA

Santiago de Compostela

Número 78 TER/2023

REUNIDOS

Dunha parte, D^o. Xosé Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 100/2023, do 29 de xuño (DOG núm. 124, do 30 de xuño), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 y 35.3 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 del Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Que, advertido erro no paragrafo segundo da cláusula segunda do convenio asinado con data 21 de setembro de 2023, se procede a emendar o erro.

Onde di:

"Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña xerarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.9 código de proxecto 2013 00004."

Debe dicir:

"Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ampliarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.9 código de proxecto 2013 00004."

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento dixitalmente

